

Administración de bases de datos MySQL

Descrición

Este programa formativo prepara ao alumnado cos coñecementos e habilidades necesarias para poder instalar, configurar e administrar MySQL Server de maneira profesional, configurar replicación e seguridade, realizar backups de bases de datos e tuning de rendemento e configurar parámetros de seguridade en bases de datos MySQL.

Ao longo da formación o alumnado recibirá os coñecementos necesarios para instalar unha base de datos MySQL, crear e executar estratexias de copia de seguridade, particionar a base de datos, xestionar os seus usuarios, crear procedementos almacenados, triggers, vistas, establecer limitacións en recursos, controis de acceso, etc.

Obxectivos

Ao final da formación o alumnado saberá:

- Describir a arquitectura de MySQL
- Actualizar MySQL
- Configurar opcións en tempo de execución
- Avaliar tipos de datos para mellorar o performance
- Entender o almacenamento InnoDB
- Realizar backup e operacións de restauración

O alumnado estará en disposición dos coñecementos recomendados para a superación dos exames de certificación oficial 1 Z0-888 - MySQL 5.7 Database Administrator, requiridos para a obtención da credencial oficial OCP, Oracle Certified Professional, MySQL 5.7 Database Administrator.

Dirixido a

Este curso está dirixido a aquelas persoas que queiran aprender a administrar a base de datos MySQL, para converterse nun/nunha administrador/a da base de datos open source máis popular.

Recomendable nivel medio-alto de comprensión lectora en inglés.

Perfil do docente

Os nosos/as formadores/as son persoas con máis de 5 anos de experiencia en áreas de alta especialización técnica nos ámbitos de aplicación. Dispoñen das certificacións oficiais do fabricante (neste caso ORACLE) para impartir estes cursos e pasaron con éxito as probas de formación de formadores/as.

DURACIÓN	60 horas
PROGRAMA	Programación 2019/20
MATRÍCULA	Gratuíta
METODOLOXÍA	Presencial
TIPO	CURSO
CERTIFICACIÓN OFICIAL	Sí
EXAME CERTIFICACIÓN	MySQL 5.7 Database Administrator-1Z0-888
BENEFICIOS	
HORARIO	De luns a venres de 09:30 a 13:30 horas.
PERIODO INSCRICIÓN	10/12/2019 - 03/01/2020
PROBA DE SELECCIÓN	09/01/2020, 11:00
PERIODO DOCENCIA	27/01/2020 - 14/02/2020
LUGAR DE DOCENCIA	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
Nº PRAZAS	16 (Mínimo 10)

Temario

Módulo 1: Fundamentos de MySQL

- Introducción a MySQL
- MySQL Server e Cliente
- Fundamentos de Bases de Datos
- Deseño de Bases de Datos
- Tipos de Táboas de Datos
- Creación de Táboas e Bases de Datos
- Consultas básicas
- Mantemento de Táboas e Bases de Datos
- Manipulación de Datos de Táboas
- Funcións
- Exportación e Importación de Datos
- Join de Táboas
- Subconsultas a Táboas
- Ferramentas de Interface gráfica de Usuario MySQL
- Información adicional
- Conclusión

Módulo 2: MySQL para administradores de bases de datos

- Introducción
- Arquitectura de MySQL
- Administración do Sistema
- Configuración do Servidor
- Clientes/as e Ferramentas de MySQL
- Tipos de Datos
- Obtención de Metadatos
- Transaccións e bloqueo
- Motores de almacenamento
- Particionado
- Xestión de usuarios
- Seguridade
- Mantemento de táboas
- Exportación e importación de datos
- Programación Inside MySQL
- Copia de seguridade e recuperación
- Replicación
- Introducción a tuning de rendemento
- Conclusión